



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica

Edif. Admvo. San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981 544 513 Fax: 981 544 601

galicia

DILIXENCIA DE CONSTANCIA

Esténdoa eu, José Ramón Pardo Cabarcos, subdirector xeral de Réxime Xurídico, para facer constar que a memoria que segue, que leva por título *Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza e a Asociación de veciños Maria Magdalena de Cedofeita*, é unha imaxe obtida mediante o escaneamento íntegro da memoria orixinal, que foi asinada de forma manuscrita o 27 de maio de 2019.

E para que produza efectos cara a súa inscrición no Rexistro de Convenios do Sector Autonómico de Galicia, asino electronicamente a presente dilixencia.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica



**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
XUSTIZA E A ASOCIACIÓN DE VECIÑOS MARÍA MAGDALENA DE CEDOFEITA**

1.- No Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e se determinan as súas competencias, atribúelle a este departamento, a través da Secretaría Xeral Técnica, entre outras, as competencias en materia de asociacións e fundacións.

No artigo 22 do referido decreto, a Dirección Xeral de Administración Local, integrada na estrutura desta Consellería, ten entre os seus obxectivos contribuir á cohesión territorial e equilibrar as disparidades no desenvolvemento socioeconómico de Galicia, mitigando os desequilibrios entre o medio rural e urbano, o interior e a costa e contribuír á fixación de poboación, mediante a redución de diverxencias.

Neste sentido, a existencia de asociacións que poidan levar a cabo actividades de interese xeral para os municipios non sería posible sen a axuda e colaboración da Administración Pública. A maior abastanza, e dado o carácter limitado dos recursos municipais, a única maneira de diminuír as diverxencias territoriais é a través de axudas desde a Administración Autonómica.

2.- As asociacións de veciños están reguladas nos artigos 255 e 256 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, e neles reflíctese que os concellos galegos favorecerán o desenvolvemento daquelas que se constitúan para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños.

Tendo en conta os principios inspiradores das relacións entre Administracións Públicas, aínda que a colaboración interadministrativa non se dea de forma directa entre a Comunidade Autónoma e o Concello, a concesión da axuda á Asociación repercute positivamente na poboación municipal e por conseguinte na actividade ordinaria do Concello. Queda patente por tanto que, a colaboración na protección de bens de interese local a través de Asociacións constitúe unha competencia da Dirección Xeral de Administración Local, cuxo contido económico se xestiona desde a Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza .

Polo exposto correspóndelle á citada Secretaría Xeral Técnica asumir a concesión da axuda, en tanto en canto constitúe o órgano de apoio e asistencia das diferentes Direccións Xerais.





Así, esta Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ten interese en colaborar con axudas específicas para investimentos destinadas a asociacións de veciños, coa finalidade de mellorar a calidade da vida local e a prestación dos servizos de interese veciñal análogos aos encadrados como servizos básicos municipais na lexislación básica de réxime local.

Neste senso, a Asociación de veciños María Magdalena de Cedofeita expuxo o mal estado no que se atopa o cemiterio parroquial de Cedofeita (Ribadeo) e a necesidade de adecentar tanto as paredes laterais do muro exterior coma as zonas comúns para evitar derrubamentos que poidan provocar danos materiais ou incluso afectar á integridade física dos veciños. .

A Diocese de Mondoñedo-Ferrol, a través do Ecónomo Diocesano Xoan Xosé Fernández Fernández (DNI 32.665.537-V) autorizou á Asociación de veciños María Magdalena de Cedofeita a levar a cabo estas obras de acondicionamento.

3.-Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Asociación de veciños María Magdalena de Cedofeita o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o cumprimento, polas partes, das obrigas asumidas. En ningún caso excederá do 30 de decembro de 2019

4.- O convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Asociación de veciños de María Magdalena de Cedofeita para o arranxo e acondicionamento do contorno exterior da igrexa de Cedofeita.

5.- Esta Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza considera necesario colaborar coa Asociación de veciños María Magdalena de Cedofeita no desenvolvemento deste proxecto.

En atención ao exposto, e vista a especificidade do programa a desenvolver, estímase xustificada a imposibilidade de promover a concorrência pública de conformidade co previsto no artigo 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6.- Para contribuír ao cumprimento dos obxectivos fixados neste convenio de colaboración, a Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza achegará á Asociación de veciños María Magdalena de Cedofeita a cantidade de DEZ MIL EUROS (10.000 €), que se imputarán á aplicación orzamentaria 05.21.121A.781.0 (código de proxecto 2015 00121) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica

galicia

7.- Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando dito convenio fóra do ámbito de aplicación do Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, con independencia que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2019

A secretaria xeral técnica

PS. 111 Decreto 14/2018, de 5 de xullo

SECRETARIO XERAL

Beatriz Cuña Barja

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



Xacobeo 2021

